

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núms. 40-41

A CRUÑA 30 DE NADAL DE 1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

A APERTA DE DUAS NAZONALIDADES IRMÁNS

O VIAXE DOS NOSOS REPERSENTANTES

DE un xeito sintético, porque nin as circunstancias d'espazo nin de tempo permiten mais, imos a tratar de faguere un resume do sucedido na espréndida urbe, capitalidade da nazonalidá catalana, ós nosos repersentantes no seu recente viaxe á groriosa irman Cataluña.

E indubidabre que s'opera na vida política española unha descentralización sana e fecunda, obra eisclusiva do xenio e da tenacidade catalá. En Barcelona háchanse as Xuntas centrais de Defensa de militares e outros orgaismos civís. En Barcelona háchanse os gobernantes qu'inspiran a política nazonal. A Barcelona foron os rexonalistas vascos e navarros pra estreitar un pauco co's rexonalistas catalás. A Barcelona foron co mesmo ouxeto os valencianistas, os mallorquís e outros. A todos recibéuselles e ousequiousselles con afeuto; mais iste afeuto tivo os seus maiores desbordamentos ante os galegos. Cataluña e Galicia donáronse unha aperta tan forte como non hai lembranza d'outra na historia da patria de Verdager. Y-é que

Cataluña e Galicia teñen unha persoalidade definida, unha persoalidade propia—lóbulos cerebrales da cabeza ibérica—e foron irmáns na desgracia e ouxeto de semellantes aldraxes do centralismo. O que nos pasou ós uns, pasoulle ós outros. Amos pobos foron ouxeto de bulra no centro. E amos, son indiscutiblemente, con Euskadi, os que integran a gran España europea, e os únicos que reunen a espiritualidade suficiente pra impôr unha hexemonía salvadora.

A persoalidade galega, fora dos seus aspectos histórico, arqueolóxico e literario, agora era totalmente desconecida. Aínda aqueles mesmos aspectos soio eran do dominio dos eruditos. A xuventude galega

na que foi ouxeto de comentarios na España enteira. En síntesis percisa, resultado de longos análisis, foron eispoñéndose por diferentes conferenzantes total-as custió's galegas. Un ourador fixo un inventario histórico-político da patria de Curros; logo, outro ourador estudou o noso caciquismo; outro, o noso problema rural; outro as asambleas agrarias; outro os foros e o dereito consuetudinario; outro a literatura, outro a ensinanza e outro a economía galega, y eisí o pobo catalán e aínda España enteira puideron decatarse de que Galicia é unha nazón que desperta logo de convencérese a si mesma.

Compremento de todo isto, foi un gran mitin no cal os galeguistas puxéronse en contaoto co-a gran masa de Barcelona e no que o ilustre Cambó recolléu as aspirazóns e as cobizas de Galicia, decindo solenemente que calquer agravio que s'infra no sucesivo á nosa patria, será un agravio inferido a Cataluña. N'iste mitin foi onde s'anunciou de maneira rotunda e categórica a toda España e principalmente

ós políticos centralistas—antre os cales están todol-os caciques e oligarcas galegos—qu'os catalás virfan a Galicia con ouxeto d'axudaren á nazón irmá ó conqwerimento da súa libertade.

Facer agora unha detallada eisposición dos agasallos que na fidalga terra catalana se tributaron á repersentazón galega, sería labore por demais longa e casi que imposi-

AS TERRAS FORTES

Terra grande entr'as grandes,
teria forte entr'as fortes,
onde trunfan os novos
ideals renovadores
y-onde os homes traballan
pra seren homes...
Catalunya groriosa,
que a nós os ollos volves,
honra úneca da Hispania
enrevellida e podre...
Dos teus recunchos saen
os modernos apóstoles
que sementan ideas
e pensamentos nobres,
e aluman as concencias
coa luz dos seus amores,
pra erguer ás naciós mortas
e darlles nome
e darlles vida...
Ti eres hoxe
a *Máter Iberorum*

que a salvarnos acode,
coa redención por lema
y-a fe por norte,
e fas que os pobos mansos
seipan ser fortes
e poidan libres
mirar ô lonxe...

**

Dios te salve, groriosa
terra dos Condes,
a do Corpus de Sangue
e as lostregantes fouces
que *Els Segadors* barudos
branden contr'os treidores,
¡Dios te salve! Ti enseñas
ós homes a ser homes
con enerxías,
pra que seipan, en troques,
cómo as terras homildes
poden ser fortes...

ELADIO RODRIGUEZ GONZÁLEZ.

que se preocupa obsesionadamente do porvir da súa patria, necesitaba d'unha tribuna *ad hoc* dende a cal puidese faguere sabere a toda España qu'a nazón galega era cousa viva, latexante, con fisonomía propia, con carácter propio, con problemas propios, ñorados por todos. E nos autuás momentos ¡qué outra tribuna mellor qu'os centros inteleutuás de Barcelona?

E, por isto, pol-o que se fixo a gran semana galega na capital de Cataluña, sema-

bre; por elo limitarémolos, eiscrusivamente, a donar ós nosos leutores unha lixeirísima eisposición dos feitos, tal como d'eles nos vaiamos lembrando, sin parar mentes en que sua narración garde ou non un riguroso orde cronolóxico.

O día da chegada, na estazón de Francia, agardaba ós eispedicionarios, pese ó intempetivo da hora—as oito da mañán—unha nutridísima repersentazón do catalanismo, presidida pol-o senador Sr. Abadal. Feitas as persentazóns de rúbrica, y-en medio d'aprausos, organizouse a comitiva en varios automoveis que conduciron ós viaxeiros ó Grand Hotel onde tñíase preparado o aloxamento pr'ós galeguistas. No mesmo día tivo lugar a visita oficial á Lliga Regionalista, entidade qu'ofercéu ós nosos repersentantes un *champagne d'honore*.

Despois, antre os agasallos dos demás días qu'os nosos irmáns permaneceron en Barcelona, sobresalen:

O banquete oficial da Lliga Regionalista celebrado no Restaurant del Parque, banquete ó que asistiron total-as persoalidades de maior releve de Cataluña: senadores, deputados, deputados provinciaes, concexales, elementos directivos das institucións culturais catalanas, et. etc. N-este banquete brindaron os mais significados catalás e tamén algunhos galegos.

Un concerto de gala, no espréndido Palau de la Música Catalana, pol-o grorioso Orfeo Catalá, que tan brillantemente dirixe o insigne mestre Millet.

Unha eiscursión ó Tibidabo, en cuio restaurant os excursionistas foron obsequiados con un xantar ó que asistéu o Sr. Cambó.

Unha función de gala no Teatro Novedades, función qu'estivo a cárrego da compañía de teatro catalán qu'alf autúa, e qu'é dirixida pol-o eminente tráxico Enrique Borrás.

Unha sesión de cantos e bailes populares, no Instituto de cultura feminina, executados pol-as señoritas que concurren ás crases que se donan no mesmo centro.

E polo derradeiro, englobando, conferencias culturais, visitas a edificios e institucións, convites pra repersentazóns teatrales, eisposicións de Bellas Artes, concertos, etcétera, e outras múltiples atenzóns e ousequios cuio relato escueto enchería varias columnas do noso boletín.

* * *

Non remataríamos ben ista desaliñada reseña si, dinantes de pôrle fin, non fixéramos a xustísima gabanza do que constituye o maior timbre de gloria da y-alma catalana. Referímonos ás suas institucións políticas e culturais; referímonos a canto é obra do catalanismo. A Mancomunidad, ainda afoxada pol-a falla de delegacións, ven facendo

milagres; ven demostrando como Cataluña háchase en condizóns innegabres de gobernarse a si mesma. Son maravillosas as institucións creadas pol-a Mancomunidad. En todas elas está patente a y-alma d'aquel gran home que se chamóu Prat da Riba. A Mancomunidad creóu unhos orgaismos comparabres ós mellores de Europa. Eisí a sua Universidade industrial, onde hai todo o material moderno, de química, física, mecánica, radiografía, meroterapia, técnica fabril, agrícola, arte aplicado á industria, et. Eisí o seu gran Instituto d'Estudios catalás, onde poden faguerse total-as especializacións científicas, filosóficas, históricas e literarias. Eisí a sua Escola de Funcionarios municipaes e rexonaes. Eisí o seu Instituto pr'á cultura da muller, onde con arreglo ós derradeiros adiantos da pedagogía adepréndese de todo.

Eisí ó seu Museo d'Arte moderno e d'industria antiga e moderna. Eisí as suas bibliotecas circulantes d'organización exemprar. Eisí o seu Centro excursionista pra estudios arqueolóxicos e históricos. Eisí a sua sociedade admirabile pr'ó fomento do turismo. Eisí o seu gran Palau de la Música catalana e o seu notabre «Orfeo».

Recorrendo todas istas institucións que contrastan notoriamente co-as do Estado; vendo as enseñanzas prácticas, metódicas que n-elas se donan; observando o entusiasmo optimista con que as acolla a xuventude, chégase a pensar no que dentro de dez anos, con planteles de persoas educadas e instruidas, á europeia, será Cataluña, xa hoxe a primeira rexón d'Epaña agrícola, artística, industrial e inteleutualmente.

GALEGUIZEMOS

O GALEGO NA ESCOLA

FALEI ja en NOSA TERRA da necesidade d'introducir o galego na escola. ¿Como pode facerse isto? Craro é, que non temos que pensar en sup'antar o castelao nin moito menos. O único a intentare debe ser que a nosa lingua non fique totalmente relegada. O porvir dirá si isto abonda. O primeiro paso pra que o galego apareza na escola ha de consistir en que o mestre non prohiba ós rapaces ou rapazas a expresión do pensamento espontánea; é decir na propia e enxebre fala. ¿Canto non se adiantaría pedagógicamente si tal se fixera en Galicia! Suprimir a formulazón do pensar n'unha lingua extrana e suprimir un d'os impedimentos mais grandes pra o pensar ja que *pensar e verbe* van sempre íntimamente unidos. O mestre debe dar ainda outro paso. Cando seja totalmente preciso, como sucede no insino d'os nenos que comenzan a frecuentar a escola, non debe evitar falar en galego aunque o fale sómente como language auxiliar.

Mais o antes dito non basta. A educación estética da infancia e a sua educación lingüística requieren que levemos á escola, a poesía, en gêral a literatura, popular o cuase popular e a *cántiga* popular. Sería un traballo interesante facer unha *antología literaria e musical-literaria* galega para a nosa escola que permitira realizar o proyeito que expoñe. Estéticamente nada pode producir un efeuto mas grande que o arte nado da y-alma do pobo; lingüisticamente un galego puro e belo, depuraría a fala actual. Ademais deberíase facer escribir ós rapaces as poesías lidas ou cantadas e afacelos asin a empregar como lingua escrita a sua propia.

Condición indispensable para o denantes exposto é que o mestre en Galicia seipa o galego e isto non abranguerase verdadeiramente senon exiguíndollo n'as oposicións como unha materia do cuestionario e creando cadeiras de lingua e literatura galega n'as escolas normaes. Non se trata de nungha grande asignatura; o que cobizo é sómente que a mestra ou o mestre escriban e falen correctamente a lingua do pobo e coñezan o mais importante da sua literatura.

Repito o que outras veces dixen: non se trata aqui d'unha aspiración pura mente sentimental. Trátase d'unha exigencia pedagógica e d'un aumento d'hourizonte do discípulo. Exigencia pedagógica porque é preciso falar en galego pra chegar á y-alma do neno galego, e aumento de potencialidade do discípulo porque un galego bilingüe ten abertos ante sí os países de lingua española e portuguesa e pol-o mesmo e moito mais útil e eficaz para España.

Non podo pretender que meu plan lévese á práctica inmediata e totalmente. Precisamos ir facendo ensaios escollendo as localidades e a ocasión. Hay oje mestres que saben o galego e hay escolas normaes en que a introducción do seu insino non se hacharía difícil. Lembrémonos ademais que existen en Galicia moitas escolas privadas, que non son do Estado, (un dos fenómenos mais interesantes da nosa vida educacional) e que n'estas encontraríamos un bon terreo para o galeguismo. Fai falla eiquí como en todo traballo renovador: tacto, constancia e entusiasmo.

JOHAN VIQUEIRA.

VOZ DO PASADO

Costante vagan dos nosos celtas,
Costante veñen preto de nós
Palidas sombras, tremando d'ira
E dando berros de indignación.

¡Ay! eu as oyo e en mín acenden,
Puro e fervente, da patria o amor,
E ao vel-a escrava, seu triste estado
Párte-me as cordas do corazón;
E a todas horas parez-me qu'elas
Falando estan-nos con rabia e dór.

—«¡Ah, descendentes da nobre raza
Que a vós en herdo gloria deixóu,
Como puxéste-l-o nome craro
Que antes levaron vosos abós!
Xa das virtudes hoxe perdestes
Santo o recordo co'a tradición,
E non cuidades de oprobio cheos,
En ocio eterno, do patrio honor.
¿Dos nosos tempos, ul-os altares
Que a xente nosa reverenciou?

»¡Ay! non turbédel-o noso acougo,
Deixai-nos soyos co'a nosa dór.
¡Sobre das nosas frías e tristes
Revoltas cinzas, mísero pó,
Véculos cantos correron duros,
E raza canta se desvanóu!
Que o tempo, todo co'a fouce sega,
E todo engole devorador.
O tempo, di-se: non é v. rdade;
Non pasa o tempo; pasamos nós.
»Foi domeada por nosos pais
A fachenda d'un invasor,

E o doce rimo dos nobres bardos
As armas nosas glorificóu.

Despois., a Morte, sorrindo alegre,
Andou ás mouras ao rubro sol,
E a nosa xente d'envilecida
Buscou un amo, perdido o honor;
E as nosas tumbas profana fero
Quen da ascendencia xa renegou.

»¡Ay, degradados, no vicio envoltos,
Os nados vemos, sin outro amor!
Non así fomos nós os que demos
Exemplos dinos de admiración,
Amada prole de bos soldados
Que manexaban os enxadós
E ben mandados, á voz das nais,
Cuidar sabían do tardo boi,
E que sentindo das alarbías
O enardecente, gu-rreiroi son,
As armas presto despenduraban
E á loitar iban con nobre ardor.
Mais hoxe a Patria, vis descendentes
Dos que a vós grande, libre, pasou,
A estar deixades escravizada,
Sufriendo o peso dos seus grilós.

»A nai é vosa; non lle valedes
Non a librades da humillación;
Indino e o fillo que, desleigado,
Esquene a madre que lle donou.
Vida e querencia, tras d'él quedando
Lembranza eterna de maldición.»

FLORENCIO VAAMONDE.

OS CATALÁNS EN GALICIA

Viaxe trunfal dos nosos irmáns

CORRESPONDENDO a aquela «semana galega», enorgulecedora pra nosoutros, de que n-este mes no boletín se fala, tivo lugar istes días a «semana catalana», semana espreñida, trunfal, qu'unhos cantos homes escolleitos, fillos da groriosa nazonalidade catalana, viñeron a faguer á nosa terra. Compoñían o fato de cataláns ilustres, qu'istes días honróu o noso chan patrio, os siguientes señores: D. Francisco Cambó e don Magín Morera, deputados a Cortes; D. Pedro Rahola, senador, D. Xosé Puig y Cadafalch, presidente da Maucomunidad catalana; D. Santiago Comas e os señores Rafols e Pellicer. A súa entrada en terras de Galicia foi trunfal; dende qu'as primeiras acramazóns estalaron en Monforte, vibrantes, ruidosas, ateigadas de sentimento e cordialidade, xa non deixaron de resoar nin un soio momento, cabo dos ilustres hóspedes, entramentes triparon cós seus pes chan galego. Acramados até o delirio en Monforte e en Lugo, recibéuselles antre vítores e ós acordos d'unha banda de música en Betanzos, sendo logo ouxeto de manifestazóns imponentes e cordiales na Cruña, Santiago,

Vilagarcía, Vigo, Ourense e Monforte, pobos todos nos que, os distintos e escolleitos irmáns de Cataluña, se detuveron. En todas partes recibiron grandes agasallos; e á «semana galega» de Barcelona sucedeu outra «semana catalana» en Galicia, que será memorabile, transcendente.

O señor Cambó e os seus acompañantes deron mitines e conferencias qu'arrebataron o entusiasmo dos ouventes. Na Cruña, especialmente, o mitin do día 15 tivo todolos caracteres d'unha apoteosis grandiosa do galeguismo, e foi algo eisé como a manifestazón rotunda e terminante do moito que de sí aínda ten que donar ista xuventude baril, rexa e consentida, que tanto honra as fias da nosa *Irmandade*. Puideron os tiráns, ou os criados dos tiráns, sospeitar que Galicia estaba morta; mais—inda qu'outra cousa non fose—dende que tiveron lugar as groriosísimas xornadas do 15 e do 16, tal sospeita pódese desbotar por parva e absurda. Galicia alenta, Galicia vive, e os seus fillos honrados, aqueles pra quenes o *bardo* inmortal da raza fixo o seu *bós e xenerosos*, de novo sinten buli no seu peito os mes-

mos corazóns xigantes qu'antano buliran n-outros peitos inframados pol-o santo amor á Patria, facendo dos homes de Medulio, héroes, e dos da Frouseira, mártires.

Os catalás traguían estudiados todolos probremas galegos—cousa que non fixo nunca ningún político centralista—, e o señor Cambó nas suas conferencias de carácter económico, que engayolaron a comerciantes e industriaes, donóu a sensazón completa de sere o único home púbrico do Estado español, capacitado pra dirixir e encauzar a vida d'unha grande España n-istes momentos difizles e graves. Inspiróu o ilustre *leader* do rexionalismo catalan confianza a todos.

Mais os catalás, á par d'isto, souperon ofrecer a Galicia unha nota delicada: por suscrizón popular na sua terra achegaron os recursos suficientes pra costearen unha gran coroa artística, obra do eminente arquitecto Puig y Cadafalch, que será ofrenda perpétua d'amor, de Cataluña á Rosalia Castro, no seu cadaleito, é algo eisé como a consagrazón solemne e definitiva d'un pauto antre dous pobos irmáns. Pro aínda fixeron máis; aínda van a demostraren con unha nova proba o seu amor á nosa raza: ademais da coroa teñen de regalarennos unha luxosa edizón das poesías máis patrióticas da xenial autora de *Follas Novas*, edizón que s'espallará antre todolos centros culturais de Galicia.

Qu'istas fraternas apertas de dous pobos vivos, cheos de santos anhelos e de fondo amor a sí mesmos, despertaron unha enorme inquietude antre os políticos centralistas e os seus servidores noxentos, os caciques de todas crases e categorías, non é necesario decilo. Os vellos arbitraristas das nosas faccións oligárquicas, alarmados pol-as cívicas e xustas eisplosións da y-alma popular, maquinando dende a soma das suas guaridas propóñense formaren o cadro; propóñense realizaren un tauto de cóbados que poida servirles pr'á defensa, filla do instinto de conservazón, dos caducos e vitandos intreses creados.

Non importa; cando opérase sobor de realidades, cando actúase sobor cousas vivas inmortales, cando inxértanse os anhelos da vountade colectiva no fondo de sustancias cálidas, os esforzos do falso e irreal non poden prevalecere por moito tempo. Unha vez predicada a verdade, que fai ceibes ós homes com'ós pobos, o éisito dificilmente retárdase.

Galicia enteira á unha, sabendo d'antemán qu'endexamais poderá satisfacere a enorme deuda de gratitude que coa groriosa irmán Cataluña acaba de contraer, berra chea de ledicia e ateigada de reconecimento:

¡Viva Cataluña dona dos seus destinos!
¡Visca Catalunya rica i plenal!

A MAOR PROBA D'ESCRAVITUDE

HAI moitos que din: «Estamos conformes c'o voso rexionalismo. Acetámolo todo agás o do idicma. Iso do idioma, samente é unha imitación do rexionalismo cotalán.»

¡Deica persoas intelixentes, que se chaman cultas, dixéronnos asinal!

Imitación o do emprego do idioma propio!

Inda parez mentira que haza xentes de tan pouco miolo. ¡De maneira que Rosalía, Curros, Pondal, Lamas, Cabanillas, Rodríguez González, todol-os nosos grandes poetas imitaron a Cataluña! ¡De maneira que as cinco sestras partes da nosa terra que falan en galego imitan ós catalás! ¡De maneira que querendo salvar a personalidade viva d'un pobo que ten idioma propio, pódese prescindire do idioma natural que é a suprema expresión do seu sere!...

Só de broma, c'un pensamento escravizado, enferruzado por cinco séculos de centralismo asoballador, é doado discorrir de tal xeito...

Nós imitamos ós catalás, com'os catalás ós provenzals, com'os provenzals os polacos e os xudios e os alemás, e os flamencos e os walons, etc.

Alemania—dicía moi ben Puig e Cadafalch—fíxose con «Irmandades da Fala». Ollade a súa historia.

Morera e Galicia encheuse de afirmar: «Cando teñades resoltos vosos problemas económicos e políticos, si non resolvíchedes o do voso idioma, o primeiro e o mais esencial de todos, non teredes resolto nada.»

E D. Francisco Cambó, en moitos pobos, pro derradeiramente en Monforte, dixo: «Fai anos que nos teñen chamado dende Galicia. E non viríamos acó endexamais si non houbéranse feito as «Irmandades da Fala» o MAIS SERIO, O MAIS IMPORTANTE O MAIS TRASCENDENTAL DE CANTO FÍXOSE NA VOSA TERRA.»

Non sabemos que ningún pobo pra conquerir a súa alma haza escomenzado por outra cousa que pol-o recobro do seu idioma. E si isto é unha imitación, é unha imitación tan natural com'a que todol-os animás xanten do mesmo xeito e xeneren igualmente, e que todol-os homes civilícense escomenzando por adprender a lér e escribire...

O preito do idioma alumea moitos estados de concencia. Onde haza un galego que l'opoña reparos ó falarmos en galego, podedes afirmare que hai un escravo, un home que non sabe nin pode ridimire a súa alma d'unha vergoñosa escravitude que xa coida natural por atavismo. E quen non acerte a ridimire a súa alma, quen non poida facer libre, autónoma a súa alma e o seu pensamento, ¿como na de sintire desexos d'autonomía pra Galicia? ¿como non ha de sere un argumento-cadavre no que o Estado centralista atopará apoio pra combatirnos ós rexionalistas, pra negarlle a libértá a Galicia, pra amostar que Galicia non quere o Goberno propio, senon o delegado do caciquismo, razón pol-a que deixa de sere un pobo digno?

E un pobo que non ten dignidá, é un pobo morto. Un pobo que adica do seu pensamento, do seu sentimento, da súa cultura e da súa alma, no pensamento, no sentimento, na cultura e n'a alma alleos—que iso é querer sere gobernados n'unha fala estrana, que nin siquer é a fala do noso traballo,—é un pobo suicida, un pobo que l'enmenda a plana a Deus e á Natureza, un pobo onanista, un pobo que terá a maldición e a bultra da Historia. Porque Deus e Natureza non fan nada en vano, e ises galegos escravos empéñanse en amostar que o froito supremo da nosa raza, da nosa tradición, do noso traballo, da nosa civilización—o idioma—é un froito estéril e degradante, digno d'esquecemento, o único froito maldito que produxo a humanidade. O que quere dicire que sere galego e o único malo que hai na terra. Que o galego, é unha cousa mostruosa e escepcional.

¿Tedes algún argumento lóxico contra d'istas concrusiós?

E non val isa falsa razón simplista dos cerebros «cosmopolitizados» por falla de miolo. Non val dicire que a civilización tende á un idioma universal. Porque si puidera impoñérese un idioma universal, iste idioma ós cen anos, ou denantes, ficaría convertido en outros tantos dialetos, coma nacionalidás naturais houbese no mundo. E a cultura retrasariase forzosamente, voltando a uns tempos d'unha nova torre de Babel.

NAZONALISMO GALAICO

OS NOSOS

ENTR'OS homes que ollan con indiferencia, os problemas do noso nazonalismo, hai unhos cantos escolleitos, que teñen un amor fondonísimo pol-a terra.

Y eles pensan e senten os problemas actúas do rexurdimento galaico.

Parez gayola e non a é.

Eisisten ises homes, no ambiente que é hostil, n'iste ambiente que pesa como promo.

Eu sin medo de trabucarme, noméds. Non son moitos, pro son escolleitos.

Eles poderían sere os organizadores d'iste movemento rexionalista actual, na nosa cibdá.

E perciso que eistan catro homes apoiados da idea, pra formal-a «Irmandade». Despois xa virán os namorados da terra pouco a pouco.

Nista vella cibdá hai homes novos. Eu vol'os recordarei: D. Xosé Vega Blanco, mestre de periodistas, home sabido e namorado da terra; D. Manuel Montero Lois, forte e culto e enxebre gallego; D. Manuel García Blanco, home de pensamento e de sabidencia; D. Leopoldo Gasalla, cheo de concencia e d'enxebriismo.

Entr'a xuventude recordade a Xesús Cora e Lira—que non sei si é galego, pero que fixo mais pol-a terra que moitos galegos—forte e novo periodista, namorado da nosa causa.

¿Cantos mais hay? Quizabes centos. Per-

doádeme que no nos recorde, pro só istes homes novos, poden facer latexar a y-alma morta no noso pobo.

E. CORREA CALDERÓN.

(De *La Idea Moderna* de Lugo.)

Pol-o moito atafegados qu'estivemos pol-o viaxe dos nosos irmáns cataláns pregamos aos nosos lectores disimulen o publicare co-iste número o correspondente ao día 20.

TÍO SENDO

(CONTO)

O pazo dos Pimentel de Padornelo era un antigo caserón con máis pingueiras qu'anos—que non eran poucos—, e máis buratos e destartaladuras, que lises, roeles, caldeiras, lanzas, espoas, e cabezas de lobo nos coartelos dos estentosos escudos que flanqueaban a sua portada.

E si venerable e maltratada dos anos era a casa, n'ô era menos o vello criado e administrador d'ela. Sendo,—Rosendo rezaban os libros da parroquia—quen axudado d'un rapazote forte e rexo, algo lelo, e da rapaza das vacas, aínda se daba xeito pra faguer nai todol-os outonos â mengoada terra da horta, sobor da qu'alongaban unha soma tristeira e feudal dous antigos cipreses.

Tio Sendo fora nado no pazo dos Pimentel, o mesmo que seu pai, seu abó, e o pai e o abó d'este, e todol-os demais varóns da sua familia, até chegare cicais á outro tio Sendo coetáneo, servo, escudeiro e home de confianza d'aquil pirmer Pimentel de Padornelo que fixo labrare os brasóns d'aquila casa.

Ademais, podíanse contare as veces que tio Sendo perdera de vista, e iso por poucas horas—as percisas pra ire de corrida á un ferial comarcano ou ô mercado da vila—a torre coadrada do pazo e suas outas chimeñas que se fitaban en duas legoas â redonda.

Sentíase tan vinculado â casona com'un dos silares dos seus cimentos. Pol-as suas espazosas solanas, houbera andado a rolos, cando iba en refaixos, baraxado cós cachorros dos cans de D. Martín, o velo señor que foi rumbo e prócer com'un príncipe, e comenzou a arruinar o seu linaxe. N-ela, xa mais crecido, foi adprendendo a ganhar o anaco de broa e a tallada de compango, cuidando pirmeiro do gando, e ensaiándose a desfrolal-a terra despois. E, anos adiante, â soma d'aquelas paredes venerables se froleceron suas entranas n-unha pirmaveira d'amore, por unha rapaza fresca, côrada e gorxeadora que servía na cocíña e á quen levóu â irexa certa ridora mañán de Setembro, na qu'as vides lles ofrendaban o mel dos seus racimos e o ouro dos seus pámpanos por enriba dos valados, e as mazáns, roxas, somellaban surrir entr'o follaxe dos pomares.

E sobor do leito en que dormía—cruxente e arrecendente de follas de maiz—, o mesmo en que viñeran ô mundo os seus antepasados, comenzou a sua Carmela á donarlle ô outono seguinte, a colleita anual d'un fillo, colleita moito mais segura pra il

por termo de dous lustros dilatados, que a do centeo qu'as veces levában-a as chuvias de San Xuan, ou a do viño mermada pol-a peste.

Dez fillos tiveran, e mortos os unhos e vivos os outros, todos foran saíndo o mesmo qu'a boa e facendosa muller que llos donara, por aquil ancho portón que parecían gardar os empenachados cascos dos escudos.

Chegara a ficar soio na casa vella e desamparada dos amos, quenes longos anos fa-

Leutor: Chegamos ô aninovo. A un novo ano que haberá de sere fecundo pr'â nosa terra. Ano de loita fera, rexa; ano de rexurdimento e de trunfo. Ano d'imensos sacrificios e de fondas abnegaciós. Quizais o ano da paz europea e da guerra nos agros celtas.

Cantos vos sintades bos galegos; cantos teñades amore â libértá, cantos desexedes o progreso da patria natural sabede que «xa os tempos son chegados que os bardos anunciarán»; sabe de que xa desperta do seu sono a nazón de Breogan; sabede que será un crime, un terrible crime imperdoable o de negar o esforzo grande ou pequeno que cada un poída aportar pra o erguemento do noso pobo vitima eterna dos aldraxes asoballantes d'un bárbaro centralismo. Agora ou nunca, amigos e irmáns. Está votada a sorte. Quen non esteña con nós, estará contra nós. ¡¡Terra a nosa!! A fouce interrogante, símbolo das «Irmandades», vai tere no aninovo resposta fixa.

gufa, iban malvendendo dende Madrí, onde residenzaban, as rendas e as terras a logreiros vilanos que xa comenzaban á dárense infulas de señores.

De tempo en tempo, viñan cartas apremiantes que demandaban cartos. Si non había atrasos que cobrar, nin viño na bodega, nin centeo nos graeiros, era o mesmo. Tio Sendo tiña orden de se avistare con don Luis o esquirbano, e faguer co-il que s'encargase, meiante unha boa retribuzón, de porporcionare algún mercador qu'aparentemente rehacio, á baixo prezo, faguendo unha verdadeira mercede â casa, ficárase co-un foro saneado ou con longas cavaduras de fértiles labradíos. Eisi foron deixando de

perfeñecere ôs Pimentel de Padornelo e pasaron a sere dos Fernández e dos López, as trescentas fanegas da Naveira, a opulenta seara das Laxas, e os xugosísimos praos da Touza, amén de frondosas robredas e dilatados piñares.

Tio Sendo xiraba os cartos á nome de D. Fernando de Pimentel, e ficaba tristeiro, lelo, como cando veu sair a sua probe vella pol-o portón, cós pes pra diante, entre brancas soborpellices, qu'ô alonxáren pol-o camiño adiante, axitadas pol-o vento de Xaneiro, somellaban mans que lle dicían: ¡Adeus! ¡Adeus!...

E canto máis probes e desgarnecidas ficaban as fidalgas paredes do solar, mais identificado mostrábase co-elas o corazón do vello, e as adouraba máis.

En ocasións, recorría os outos e resoantes salóns, desmantelados e fríos, e atopándose soio e casi sin alma como eles, sentíase con arelas de chorar, ¡il, que fora sempre tan sereo!

Destón; saíase ô souto que circundaba a casona, e sentábase â soma do seu amigo. Era éste un castiñeiro pomposo e centenario, qu'afondaba no chan as raíces laceradas e costradas de musgo como poutos d'animal antidiluviano.

Enriba rumoreaba a oscilante bouta de follaxe, e abaixo, entr'a soma verde, frechada de raiolas d'ouro, houbía unha gran paz...

II

Dóull'a noticia o propio D. Luis o esquirbano. Termiñaba de mercal-o pazo con todos seus aledaños. Tio Sendo non iba perdendo cousa. Alí ficaría na mesma situación que até d'aquela, pol-os días da sua vida. Pol-o demais, a merca non fora negocio nin moito menos. A proba é que ninguén a solicitara: pro era o derradeiro favore. que faguía ô probe señor de Pimentel. E como pr'axuda dos gastos era mester sacare algo da propiedade, dende logo pensaba emprender a tala do souto. Eran vellos castiñeiros que pouco producían, e que podían ademais sere acometidos da peste, e d'aquela si, que jadeus madeiras! Agora, en troques, donarían maiñíficas táboas. Verdaderamente aquelas albres era a tallada qu'ô determinara a se ficar cò hoso da casa desmantelada...

D. Luis entusiasmbábase praneando, e tio Sendo premafecía alelado, apranado por aquelas duas disgracias: ¡O pazo dos Pimentel, non era dos Pimentel!... ¡Talaban o souto, derribaban-o seu castiñeiro!...

Comenzou a tala, e tio Sendo persenciabâ dende lonxe, encolleito, mudo, apoiado na sua vara. O machado retumbaba ferindo os troncos, as copas oscilaban, e incrinábanse dempois co-un xemido de total-as

fibras, i entr'un bulizo formidabre de ponlas desgaxadas, rolaban pol-o chan.

Cando chegaron os leñadores ô pé do castiñeiro perdileito, e o fio do machado fulxéu no ar pr'a fundírese con violencia na corteza. Tio Sendo, qu'o fitaba con ollos d'anguria, sintéu qu'o golpe non dera no tronco sinón no meio e meio do seu peito, e caéu d'espaldas.

Acudíronlle, i entre sopros e fricións volvéu en sí.

—Tio Sendo, ¿vosté desaiunóuse?—inquiréull'o rapaz qu'o sostiña.

—Non, home non; aínda o non fixen—respondéu o desfalecido vello.

—Póis é a debilidade, créame á mín; e

ademais o sereo da mañán. Ande, vaia a tomal-a parva ô caron do lume.

—Pode que teñas razón. Iso debe sere.

Levárono á cocíña. Sentárono xunto ô lume crestado d'ouro, e púxose á tremar, á tremar.

E tremando morréu d'alí a tres días.

Os serradores sacaron catro táboas do vello castiñeiro que fora seu amigo, pra faguerll'o cadaleito, e cand'o botaron na cova, soio a rapaza das vacas hachábase alí, de pé, sobor do montón de terra húmeda, fitando ô fondo, e limpándose os ollos co-a punta do mandil.

ANTONIO REY SOTO.

des; eiquí pénsase c'ós pes e ándase co-a cabeza, por iso todos pensan outo e andan dreitos; eiquí o Estado e o Goberno sonan como «covacha» en «coadrilla»: non-os concenecen máis que pol-os beneficios que lles reporta: as cárregas que no seu nome costantemente lle cobran...

Pol-o demáis todo marcha á pedir de boca, todo e contento e satisfacción cando se cumpre a vountade d'o señor d'a terra, qu'é sempre...

Ista satisfacción antóxaseme que ten-o o seu orixen na ñoranza e na miseria, poderosos fautores que poñen este anaco de terra galega mais apartado d'o lugar que lle corresponde no engranaxe d'os pobos cultos e libres.

¡Probe cincenta do caciquismo!... Cando nas vacaciós tornamos ôs teus lares sentímos...—os que levamos na frente unha estre-la: rebeldía, e no corazón un amore: Galicia—sentímos a nostalxia d'a «libertade»: as viles cadeas con que t'ofreces ôs nosos ollos, escrava e sumisa, fai estalal-o noso peito de rábea e indinación... e entón é cando nos sentímos Espartacos... ¡pro non tardamos en desengañarnos!...

Mais esperamos un día en que lográsenos cobixarevos baix'a bandeira d'a rebeldía que levantaremos axiña...

¡Azo, entretanto, irmáns!

S. GARCÍA FERNÁNDEZ.

Barcala.

DA TERRA ASOBALLADA

¡NEGREIRA!

UN dos pobos máis feramente asoballados pol-o caciquismo é Negreira; eiquí esa lepra cheirosa e malvánalcontra terreo acomodado pra causare todol-os estragos que se ll'antoxen—que non son poucos—; eiquí todo se sofre co-a resiñación cristiãna que está mesmo pedindo... pedind' outro Gólgota pra elevala á categoría d'unha nova relixión; eiquí nada se sabe d'o resto d'o

mundo máis qu'o que dí o cacique; eiquí a cidadanía é un sono, o sufraxio un mito e un conto de fadas a libertade; eiquí non hai outra vountade coeitiva qu'a qu'impoñen catro malanlrís, que presumen de ricos e que herdano somentes como patrimonio unha «esterqueira» que levan por corazón gardada no seu peito; todo o demáis é froito d'ese «traballo» caciquil que vós cono-

OS DERRADEIROS DRUIDAS

Non vos ríais si vos falo de cousas que non son xa, si par'o pasado os ollos virando quero lembrar outros homes y-outros tempos, outros usos y-outra edá.

Anduriña viaxeira q' mundo correndo vai, xa non topa o meigo niño nas polas do castanal, mais nos buracos das pedras ou nas toupeiras do char.

¡Ay! o niño dos poetas—ruliñas da soledá son os menhires y-os castros as tradicións y-o alalá—, as cousas que nunca fono y-as cousas que non son xa.

N-un morno rumor de bágoas chega o queixume dos pinos, y-a lua rube no ceo paseniño, paseniño. Pola montana enriscada

van pouco á pouco rubindo un vello de branca barba y-unha nena qu'é un feitizo. Ela leva os pés descalzos, o cabelo departido, feixe de funcho na man e fouce d'ouro no cinto. Chegado á cume sagrada o vello sentóuse e dixo: n-esta montana os abós fixeno seus sacrificios n' hora q'oubean os lobos, chora a rula e canta o grilo.

As áneas que layaban pol-a montana fuxindo, viñan a sugar famentas o sangue roxo do niño, y-a quentarse nas fogatas esmorecidas de frío. Fono caind'os petrucios y-o seu derradeiro fillo veu morrer no plenilunio sobre a montana dos ritos. Fai d'ollos pechos, rapaza, co-a fouce sagrada un círculo,

pon sete polas de funcho, da na terra sete bicos e canta o canto dos druidas, o alalá dos sacrificios.

Baixóu a testa solene e da longa barba os fios fixéolle sobre o peito com'un sudario de liño, y-envolveito n-il morréuse cumprido o rito druídico. A carón sentada a nena de néboda e funcho fixo sete montes por iguales, a fouce arrancóu do cinto, y-os ollos se lle pechano com'ós tenros paxariños, que van as ás miraño aterecidas de frío, n-un morno rumor de bágoas chega o queixume dos pinos, y-a lua rube no ceo paseniño, paseniño.

MARTÍN DÍAZ SPUCH.

Bôs Aires.

DE MIN PRA VOS

NOITE BOA SIN FESTA

NA casa do señor Pedro da Lameira, labrador ben acomodado do lugare, axuntáronse no piso pra cear por Noite Boa, il, a señora Bastiana sua muller, sua filla Pepiña con Mingos seu home, Cacharusas irmán do señor Pedro, e Bartolo veciño da casa ó qu'estimaban com'á un parente.

A cea d'aquela noite, aínda que na táboa non fallaba cousa algunha de compango e larpeirada, e de todo en abundanza, tiña de sere unha cea de recolimento e de silencio, honrando á acordanza do finamento do pai do señor Pedro, finamento qu'acontecera faguía pouco mais d'un ano. Xa cando sentáranse á táboa, aconsellara de novo o señor Pedro:—Bebamos e cêmos a fartarnos, que pra todos hai, mais respetamol-a acordanza do finado que Deus o teña na gloria!

—¡Que aló o teña!—rosmóu a señora Bastiana persiñándose, e faguend'ô mesmo todos.

Deron comenzo á cea, e os seis con facianas do tempo ou sexa de Pascuas, comeron e beberon coma benditos, sin falaren outra cousa qu'as gabanzas de adoito á comida ou ô viño. Terminado qu'houberon de cear, e beu beber que d'abondo beberan, alcenderon os homes unhos ricos xarutos habanos, e as mulleres recolléron a taboa.

—E sabedes que xia, ¡reporra!—dixo o señor Pedro fortando as mans entr'as pernas.

—Como qu'estaba por dicire que millor istaríamos en baixo na cociña ó mor do lume,—repuxo Cacharusas.

—Pois en baixo imos,—afirmóu o irmán erguéndose.

Seguírono todos, e xa na cociña, botaron lousa na brasa, e sentáronse ó redor do lume.

—¡Demoros!, tivo razón Cacharusas. Eiquí estáse ben.

—E pra non cantar nin beilar, sinón pra faguer contos sómentes, aínda millor,—sor-neóu Pepiña.

—Ou, agora que me decato, podíamos xugar unha brisca os catro. Pasabamos ben o tempo—adivirtéu Bartolo.

—¡E Pepiña i-eu?—perguntóulle a señora Bastiana.

—Contádel-os tantos, e todos temos em-prego—contestóulle Mingos.

—Ai contádeos vos, ho,—atallóu Pepiña.

—Non, é que nin eu xogo tampouco—saltóu Cacharusas.

—¡E logo, meu irmán?—díxolle o señor Pedro.

—¡E pergúntasmo tí? Que me fagan isa pregunta os mais, pase, pro tí, non. Lém-brate do qu'houbó pasare a derradeira ves

que xuguéi á brisca, con Chinto o Regueifeiro.

—Tes razón; perdoa, que non-o lembraba. E xa que n-algo temos qu'entretarnos, cóntallelo a istos... É tí, Bastiana, arrecada pr'acó un pouco viño e o pote de barro novo pra quental-o qu'entrará millor.

Xusticia a pau de cego

Deixa-a dormir non-a espertes
que chegou de longas terras
e veu moi acarreirada
de correr vales e serras.

Deixa-a dormir rula amante,
que mentras durme non chora;
que tal vez estea soñando
qu'inda é feliz como outrora.

De xionllos cabo d'ela
pidíulle gracia á raíña.
Sin chorar xemeu plauxindo,
porque bágoas xa n'as tiña.

Non-a atenderon, coitada,
era pobre e mal vestida,

por sorte caiu soldado,
por sorte prívanlle a vida.

Un fillo que Dios lle dera
leváronllo pra-a milícia;
diezmaron, cadróulle en sorte...
matárono ¡por xusticia!

J. IGLESIAS ROURA.

—Paréceme ben as duas cousas, que nin hai contos sin viño nin discursos sin sucrelos.

Enchéu a señora Bastiana un bó pote de viño que pux'ô lume, e Cacharusas comenzóu o conto.

—Xogábamos eu e tres mais unha brisca na taberna de Lucas aló pol-o vran, xa fai anos, por certo que tiña de compañeiro o difunto de Colas ¡Deus o perdoe! qu'era un bó xugador de brisca sí é qu'os hai, e isto sin ofendere ôs persentes, e non sei que xogada mala me fixera por non se fixare, e reprendino. Na reprenda istaba, cando entra o raio de Chinto co-unha tana que non se

tiña, e ô decatárese da reprenda, cántame en son de regueifa:

*Ti persumes de que xogas
e teu xogar n'é certo
pois sempre que xogas perdes
e falas có taberneiro.*

—¡Moi ben cantado, demoros!—interrumpu Bartolo qu'era tolo pol-as regueifas.

—Mais foi millor contestado—sigueu Cacharusas, cantando un pouco mais outo:

*Si tal pasa có meu xogo
canto perdín se pagou
e ti vai dormil-a tana
qu'eiquí ninguén te chamou.*

—¡Ben contestado por que sí, qu'o digo eu!—interrumpéu de novo Bartolo.— ¡Señora Bastiana, delle un pouco de viño a Cacharusas, que ben o merece, recoiro! ¡Iso é cantar!...

Beberon viño quente todos, e sigúeu Cacharusas:

—Cando xa coidaba que marcharía co-aquela miña copra que queimaba, botám-esta, ¡que trafa lume!

*Si eiquí ninguén me chamón,
tes que sabere, meu neno,
qu'onde me chaman non veño
e onde non me chaman, vou.*

Eu xa non me contendo, por isté mal xenio que Deus me dou, boteille ista que fervía:

*Si onde non te chaman, ves,
e cantas xa por costume,
a gorxa—¡pol o meu nome!—
voucha poñer do revés.*

—¡E sabes que daría xenio ouvirvos?—volvéu a interrompir Bartolo.— ¡Señora Bastiana, viño, viño a este regueifeiro de primeira!

E viño volveron a beber e copras volvéronse a cantar cada ves con máis forza, até que convirtéuse aquilo nun-ha compreta regueifa d'un, sin que xa ninguén se lembrara da acordanza do difunto.

Bartolo cada ves mais ateigado d'entusiasmo faguía cantar novas copras a Cacharusas, e ô sentire unha gaita que pasaba por diante da casa tocando un enxebre alalá, erguéuse, abriu a porta, e queiras que non, metéuno na casa.

—¡Boas noites, meus amigos!—dixo Pepe o gaitero chegando ond'eles e bebendo unha boa cunca de viño que lle ofercéu Pepiña.

—Boas non las dé Deus—contestaron todos.

—E tí pra onde ibas tan entonado, ho?—perguntóulle o señor Pedro.

—Correndo a parvurela—contestóu sentándose co-a gaita ô lombo.

—Pois séntate un anaco ô quente, que aló na nosa mocidade, ben temos andado xuntos, non é así, ho?

—¡Abofellas que sí!— Temos trouleado pouco...

—¡Qué tempos aqueles!... Hoxe á moedade dalle tangos, pasodobres, chotes, ou chotas... D'aquela, ¡qu'alalás!, ¡qué riveiranas!, ¡qué montanesas!... Por certo que había un alalá que moitas ocasións quero lembrar-o son e o non sei todo... Agarda, comenzaba eisí—dillo cantando—:

*Eu vín, virivín, vín, vín
o raposo na tua eira...*

non, era d'outro xeito, tiña outra volta... Home, a ver si ti na gaita o sacas; poida ser que sí.—¡Bastiana, trai viño!

Bebéu o gaitero, limpóu o fuciño, e acomodando ben a gaita, enchéu o fol, e decindo:—A ver si é iste, comenzóu a froleirar un alalá cheo de voltas e repinicos qu'enchéu de ledicia os persentes.

—O mesmo, o mesmo—berróu ledó batinde as mans o señor Pedro, acompañando á gaita:

*Eu vín, virivín, vín, vín
o raposo na tua eira
entrache pol-a ventán
coidando qu'era a poleira
sin que ladrara o teu can.
Trai-la-laila, trai qu'o vín
eu vín virivín, vín, vín
o raposo na tua eira.*

Paróu de tocal-o gaitero. Pepiña que nunca ouvira aquil alalá, escramóu:

¡—Que fermoso é, meu pai! ¡Nunca cantar o ouvira!

—Ainda ch'os hai millores; nos meus tempos, eran nosas únicas cántigas—contestóull'o señor Pedro. Ouvidе iste:

*Alalá o da montana
forte e rexo como nós ..*

—Non—interrumpéunos Cacharusas—ise alalá é de mala fada; o non cantedes.

—Lembrádevos d'iste—dixo o gaitero entoand'ô na gaita.

Comenzóu a cantal-o señor Pedro, máis ô pouco tempo, todos cantaban á unha. A ledicia dos alalás, fixera o seu contaxio. E cando a gaita calaba por mollal-a palleta o gaitero e trocar de punteado, un aturuxo rachaba o silencio que deixara a gaita, aturuxo que contestaban d'unha casa n'outra até se perdere no corazón da montana.

—¡Ai meu Pedro,—díxolle zalameira a muller—vexo qn'aínda tés boa voz! ¡Non cha teño eu eisí!...

—¡Nin os pes com'o os teño eu aínda lixeiros pra puntear unha riveirana!—repuxo o señor Pedro.

—¡Ai en canto, ôs pes, tanto non-o dixen eu!...

—¿E afoutaríaste?

—¡E afoutaría e todo!...

—Pois arrecadam'un pouco viño qu'este-

xa quente, que beba primeiro o gaitero, e mentras faguedes sitio, que vaia atemperando unha riveirana.

Fíxose com'ordenóu o señor Pedro, e iste prantóuse d'un pulo no meio, co-a lixeireza que podían donarl'as pernas terxantes de tres dúcias d'anos cada unha, e a vella Bastiana fixo o mesmo, disposta a comenzare.

Comenzaron, e os movementos tardos e pesados dos primeiros tempos, foron trocándose en rápidos e lixeiros que nada tiñan qu'envexare ôs d'unha xoven parexa. Certo qu'os dous foran beiladores de moita sona. Os espeitadores encirraban n-un e n-outra á quen millor o fixera, resultando aquilo unha troulada sin fin.

Cando estaban no millor do choio, occurréusell'o micho dar un paseo pol-o baile pra estrical-as pernas, e foi collido de tal xeito baixo un zoco do señor Pedro, qu'o animal dando un pulo pra caer donde fora con tal de sair d'aquela prensa, foi a dare na faciana de Bartolo, quen ô sentire aquilo sobor de sí, arrecadóu de vara e doulle un pau ô micho pol-o ar, pau qu'o non colléu por andare lixeiro, mais que si descargóu no lombo de Cacharusas, o que púxose levado dos demos pol-a qu'il creía broma, e que pouco traballo costóu o comencel-o da verdá do conto.

Todo volto á tranquilidade volveron á beilar de novo con máis afínco aínda, até qu'a señora Bastiana có esforzo de tanto beilar e sin ter costume, n-unha das voltas mais lixeiras, doull'un badío, e non foi ô chan de moleira por agarrarse á tempo ô fol da gaita.

Sentáron a ô mor do lume, e xa cando fballe pasando, dou en berrar, en berrar, até qu'enchéu a casa de veciños. Cando a víu chea, púxose en pé, surrindose, e pra ademostrarre que ningunha cousa pasara, volvéu a correre de novo o viño pol-as gorxas de todos, e o beile dou comenzo novamente con infinidade de parexas, que gustaban mais de beilar que de dárenlle á sin hoso ou de mollal-a gorxa.

E aquela Noite Boa sin festa, eisí termiñóu ô alboreare o día de Navidade, en santa paz de Deus!

RICARDO CARBALLAL.

Novas da causa

Na «Irmandade da Fala» do Ferrol acordóuse sinalar candidato pr'ás próximas eleucióis xenerás ô señor Leopoldo Cal, un dos galegos mais intelixentes, mais cultos e mais europeos de que temos mentes. Leopoldo Cal tamén é dos homes de maor enxebreza nados na nosa terra.

*
* *

Rodrigo Sanz o *leader* do rexionalismo galego dóu no Ferrol unha conferencia de propaganda que foi moi loubada. Amostróu con grande craridade o programa do galeguismo.

Axiña irá a Barcelona pra tomare parte no Congreso de Dereito civil rexional que aló vai a faguerse.

*
* *

En Berea (Bande) e n'outros pobos da provincia d'Ourense veñen facéndose mitís de propaganda galeguista. N'eles toma parte o crego apóstol da causa agraria, Sr. Nogueira Fox.

*
* *

En Villagarcía e outros pobos da provincia de Pontevedra organízanse conferencias e mitís nos que falará o elocuente irmán compostelán Lois Porteiro Garea.

*
* *

Tamén en Monforte, a Covadonga da libertade da provincia de Lugo, veñen facendo autos de propaganda galeguista os membros da «Irmandade da Fala» d'aquel pobo.

*
* *

As sociedades agrarias de Villadodrid, Pol, Meira e outros pobos da provincia de Lugo aderíronse ô movimento galeguista, e dispónense a axudar na loita pol-a cidadanía.

*
* *

As conferencias galeguistas que dóu o Sr. Peña Novo en Betanzos e Ferrol, no víspera da chegada dos rexionalistas catalás á Galicia, fono dós grandes éisitos pr'â nosa santa causa.

*
* *

Xan V. Viqueira, catedrático do Instituto da Cruña, un dos homes de maor cultura e de maor prestixio inteleutual da nosa terra, que honra dende fai tempo as columnas d'iste boletín c'os seus formosos traballos axiña dará unha conferencia na «Irmandade da Fala» cruñesa.

*
* *

Vense organizando na Cruña unha forte e rexa «Xuventude Nazionalista», que ten mentes de sair á defensa do ideal galeguista en todol-os terreos, sendo com'a gardadora do «fogo sagrado» do rexionalismo integral.

*
* *

La Tribuna de Madrí publicóu a impresión que ó Sr. Cambó lle produxo o seu viaxe por Galicia. E unha impresión sincera, chea d'optimismo.

*
* *

Comenzóu a publicarse no Ferrol un boletín nomeado *Galicia*, órgano da «Irmandade da Fala», que dirixe Xaime Quintanilla. E un boletín admirablemente feito.

VERBES D'UN NAZONALISTA

OLLO AO CRISTO

ADMIRAMOS profundamente o señor Maurera. Si o noso voto decidira quen tiña de sere o home qu'houbese de rexir á España, o noso voto sería pra il. Pro non somos mauristas, non nos axuntamos ós homes que compoñen o grupo chamado eisí, nin crêmos no señor Rodríguez Sampedro, no señor Allendesalazar, no señor Santos Eca... Sofren todos eles doenza arterio-esclerosis política. Si houbesen de faguer un esforzo pr'axustare as súas ideas ó cauce por onde van as novas ideas, seu cerebro irto, vítreo, crebaríase. De tod'o maurismo, non admiramos máis qu'ás Xuventudes porque son a eisceición na xuventude española; porqu'as vimos e vemos moi a miúdo en Madrid, dar unha sensazón de disciplina, d'organización, d'amore ós ideaes; porque crêmos que constituíen unha verdadeira escola de cidadáns; porque non poden sere arrivistas, xóvenes com'eles que xúntanse a un home alexado do poder como Maura, e loitan ó seu redor con innegable entusiasmo.

Non somos mauristas porque crêmos ademais de tod'ó dito, que non son istos tempos en que se d-ba darlle máis peso ó enxuzamento propio, qu'as rixidas normas de ningún partido. Arelamos o pensare por conta propia, sin mentores nin perigos d'escomuniación. No programa do señor Maura, hai moitísimas soluzóns verdadeiramente enxudiasas, salvadoras. Eisí e todo, parécenos que aínda sendo mauristas, débese introducir algunha modificazón na totalidade do programa, do mesmo xeito que nun exército colonial a introducen no seu regramento, e na disciplina modificazóns comentes qu'en nada ou pouco afeitan ó fondo da idea qu'inspiró tales prácticas.

Por exemplo: non poden sere aceptadas as predicas antinazionalistas feitas polos adeptos ó señor Maura no seu recente aito do Teatro Principal da Cruña. Tod'ó que sexa hostilidade ó nazionalismo, é conservar o cordón umbilical co-a vella política, e volvel-a espalda—vallámonos d'iste tópico tan en uso—ó sol das novas ideas.

—Sexamos rexionalistas—craman hoxe moitos políticos—, mais nada de nazionalismos...

En primer termo, isa negazón está compretamente falla de senso. O sentimento nazionalista está basado nunha realidade étnica e histórica que non se pode suprimir nin da que se pode prescindir antoxadizadamente. Ningún sentimento, por outra parte, pode sere tan nobre nin tan confesable. E aínda que un respetable canónigo, nado en Cuenca, dixera no *El Ideal* qu'os galegos

non queremos sere nazionalistas, nós ficamos co-a opinión d'outro esquitort, non galego, o señor Pérez Barreiro, noso cultísimo e distinto amigo, qu'eispuxo valentemente no *El Liberal*, que de ningunha maneira, e más estimabre, o que dí: «*Eu son primeiro galego, castelán, catalán, e despois español.*»

Pro ademais de non tere senso iste ataque ás ideas nazionalistas é sempre sospetosísimo de capciosidade. Tendo en conta o empuxe do nazionalismo, os homes dos vellos partidos, que se fartaron de dare golpes no bombo do patrioteirismo, sin prexui-

~~~~~

Houbo quen dixo que Galicia demostró a sua cultura cando o Orfeón cruñés saíu da terra conquistando loureiros. ¡Hai ho!...

Nin contesta merece isto, pro imos dala.

Primeiramente é dubidoso que a música sexa unha cultura. Non a teñen por tal moitos filósofos, antriles Kant, Spencer e Shopenhauer. Ademais hai pobos d'institucións musicás modelo que non van nin moito menos á cabeza do progreso. Pro inda que fosen. Un «Orfeón» do xeito do que dirixiu Chané non tería éisito hoxe, o cal proba que non era cousa perfita, nin precursora de cousa perfeita. O tempo d'aquela clás d'orfeós, morreu.

Pode cantar un pobo e sere escravo. Pode cantare un pobo e sere inculto. O «Orfeo Catalá»—por exemplo—non di nada por si soio do progreso de Cataluña. De maneira que teñen que buscarse outros argumentos.

Como hai que probare que non sigue téndose mal conceuto do galego no centro d'España, en Portugal e nas Américas. O porque si, non é na la.

E por isas terras de Deus inda se ten por galego culto aquel a quen pódese facer iste denigrante eloxio: Home, vosté non parez galego. Samente dinificaráse é impoñerese Galicia, por unha cultura gallega feita en galego.

cio de levare á Patria a un sin fin de perdas e calamidaes, fixeron en aparencia un cuarto de conversión, e decraranse agora fervorosos rexionalistas. Velahí o cómico exemplo de Alcalá Zamora, o autor do famoso discurso en contra das Mancomunidaes. Velahí o mesmo García Prieto que inició sua disidencia sobor unha irredutible discrepanza n'apreciación do probrema rexionalista. Siguen co-isto o consello de Quevedo que recomendaba como receta infalible pra qu'as mulleres fosen trais d'un... ire un diante d'elas. Son os lobos vestidos con peles de cordeiros. Si cometéramol-a candidés de caere novamente nas suas mans, esnaquizarían ise gran ideal como esnaquizaron todol-os grandes ideaes patrióticos.

Nin aínda son rexionalistas. Son caciques en perigo que claudican pr'asegurare a continuazón da sua hexemonía. Queren sere no novo réximen que ven vir, o que foron no anterior. Son os vermes que fuxen d'un corpo morto, pra zugal-o sangue d'un corpo xoven e vivo. ¡Ollo cós conversos do centralismo! Cando s'acheguen, pechade con cerollo o voso voto, porque si non, desconfiade, qu'até chegaran a escamotealo. Facede a figa ás suas conversas de renegados d'un sistema que lles enchéu a panza.

Non se refiren istas derradeiras apreciacións, ós mauristas, cuia pureza de procedimentos loubamos en toda ocasión. Pro dende logo, témol-os no feixe d'enemigos do nazionalismo, xa qu'eles francamente decrarón eisí.

Antes que ningunha cousa, por enriba de todo, hai que sere nazionalistas, profundamente, sinceramente, abnegadamente nazionalistas. O demáis é estare entregado ós Poderes Centrales. O mesmo señor marqués de Figueroa con todol-os seus grandes prestixios, có seu relieve de figura de primeira línea, có seu amore ben probado á Galicia, non s'afoutó na reunión que celebraron os deputados e senadores galegos pra tratare do abandono en que ten a nosa línea a Compañía do Norte, á aceitare a proposición d'un deputado—D. Pedro Seoane—qu'opinaba qu'o grupo de parlamentarios galegos debía de chegare até a ostruición, pra qu'ises abusos fosen correxidos.

¡Si se tratara d'unha xuntanza de nazionalistas catalás!

Desconfiemos das panaceas que traten d'afogar o amor á nosa terra. Primeiro, nazionalistas; é decir: primeiro, enamorados da nosa raza, da nosa historia, do noso chan, defensores d'el até todo o que sexa perciso. Despois, mauristas, ou republicanos, ou socialistas, ou o que vostedes queiran.

Todo cabe n'ise partido, que máis que un partido é unha relixión.

W. FERNÁNDEZ FLÓREZ.

## O que vai véndose en Galicia

O problema de Galicia é iste: A vida oficial afoga á vida real. E a vida real revólvese contr'á vida oficial.

Isto da lugare a unha serie de fenómenos ineispricabres, e que por ineispricabres pasan sin decatárese ninguén. Aínda en ocasións, non tanto, pordúcense estalidos e crepitazóns com'ô do sal na lareira. Eísí ocorrú fai un ano cand'os sanguentos sucesos do Porto do Son; ou como nos recentes cabildeos e revcltixos do derradeiro Xullo, con ocasión dos cales estiveron á punto de suspendérense as festas do apóstol en Santiago.

O aítual movemento rexionalista de Galicia, categórico e resolto, é outra charada pr'ás xentes á que non ll'atopan acertixo. É un motivo de preocupazón pr'ás forzas políticas que teñen á Galicia nun puño, e á dous dedos do seu total agotamento.

É perciso chegare ô fondo da vida rexional, farto complexa pra podere orientarse. Ademais atópase suprantada pol-a vida oficial, qu'é a que non deixa apreciare o que n-ela pasa. Algo eísí com'o puñal cravado na ferida que impide o vel-a.

A opinión desparcial adiviña eísí e todo, qu'en Galicia istá ocurriendo algo moi serio e fondo, e que pode tere gran trascendencia na vida española, sobor todo n'Ocidente d'España.

E fixase n'istas tres cousas:

*Primeira:* Os rexionalistas galegos foron a Barcelona (fumos, debera decire, porque tamén eu fixen ise viaxe que será histórico) pra pedire a axuda de Cataluña e pra paitare entr'as dúas rexións-núcleo, unha alianza que será todo un capítulo do dreito administrativo español do século XXIII, non previsto nin soñado aínda pol-os tratadistas d'hoxe.

*Segunda:* No recente mitin da Cruña, os rexionalistas galegos, dinantes de que chegaran os irmáns de Cataluña, formularon un programa xurídico, económico e financeiro, que nos seus sete artigos (reporducidos xa por tod'a prensa) promulga e sanciona a labore d'aquelas admirabres *Asambleias de Monforte*, con todo canto teñen de privativo e de robusto; e

*Terceira:* A frol do rexionalismo catalán atópase istos días en Galicia selando o paito e comenzando a prestare a ofercida axuda pr'á liberazón galega. Paito no cal as dúas rexións, permanecendo difrentes, quedan axuntadas, aceitan e xuntan os programas d'ambas, que son por Cataluña as concruccións da Asamblea de parlamentarios, e por Galicia ese setenario que condensa as das *Asambleias de Monforte*.

Eiquí tedes as tres cousas qu'as xentes, pasmadas, ven e non enxerguen, sospeitando é certo, que debaixo de todo elo hai algo moi serio; mais non acertando nin moito menos a dárense conta esaita do que ven seus ollos. Como qu'esto é un feito sin precedentes.

Eu comprendo moi ben iste xesto d'eistrañeza da opinión que temos por costume chamarlle ilustrada. De Galicia conécese por infinidade de referenzas dende Ventura Ruiz de Aguilera acó, a escravitude en que vive; sábese qu'hai pobos galegos nos qu'o alcalde, o xuez municipal, o segredario do Auntamento e o do xuzgado, o arrendatario das contribuzóns, o médico, o farmacéutico, o notario, o rexistrador da Propiedade, e os procuradores, teñen os mesmos apelidos; ou sin pertencer á mesma familia, istán axuntados pol-o espírito da dominazón que todos eles exercen en común.

N-istos pobos a vida propia non eisi-te: ou a emigrazón, ou a escravitude con collar e cadea. *Ou se soumettre, ou se demettre*, como dixo Gambetta.

Istas cousas solen sere sabidas, aínda cando non sexa posibre o fitare tod'ô horror do mal, porque tápan-o os mesmos qu'o porducen, estorbando todo recurso en contra, e procurando faguer crêr qu'en Galicia endexamáis acontece nada; qu'en Galicia reina a tranquilidade; qu'a obediencia é perfeita; a sumisión dos pobos, exemprar; e a paz aisoluta, como de sepulcro.

Iso é a eterna pormesa, eternamente incumprida de «unha ampria descentralización administrativa», como dicían os discursos d'apertura de Cortes cando a Restaurazón, era i é tod'ô que sole sabérese do vivir galego. Por iso porducen sorpresa os estalidos de que falei antes e a alianza entre Galicia e Cataluña qu'estáse ratificando agora. Entroques non sorprende, vaia a verdade por diante, qu'os políticos do cacicato galego bóten-as agora de rexionalistas ô seu xeito, retocando o tópico gubernamental da «ampria descentralización administrativa» qu'é un imposibre metafísico cando goberna o centralismo, pol a sinxela razón de qu'o olmo non pode dar peras. E inútil pol-o tanto, ofercer peras do olmo.

¿E qu'o misterio de Galicia vai a rebelarse agora? Poida ser que si. Xa cand'os galegos estivemos fai pouco en Barcelona, ficóu demostrado que non soio estuíamos sereamente os nosos problemas, sinon que temos a solución pra cada un d'eles, e a resolución de leval-as á praitica.

Agora qu'os catalans atópanse en Galicia vése que temos unha masa d'opinión rexio-

nalista, que, chegada a ocasión, maniféstase rotundamente afirmadora.

E vese tamén qu'o rexionalismo galego deixou de sere dende xa fai moito tempo, meramento literario como dician e aínda pertenden faguer crêr, sin conseguilo, algúns políticos galegos. A saúdar, a ouvir, e á acramar ôs rexionalistas cataláns, sairon e dispónense a sair coletividaes e agrupazóns de cuia eisistenza porcúrase prescindire e cuia aición pertendéuse anular, lograndô a veces. Xa se vai vendo que temos algo mais qu'a fermosura do paisaxe e a dozura da lingua rexional.

AURELIO RIBALTA.

(Do *A B C* de Madri.)

\*\*\*\*\*

O viaxe de propaganda dos cataláns na compañía dos galeguistas pol-os principás pobos da nosa terra foi trunfal, será froitífero.

Con fondo entusiasmo garimoso fono recibidos onde queira.

Da semente que deixaron frolecente no suco, logo haberá novas.

Séipanno os caciques galegos e os seus criados. Séipanno ises embusteros e canallescos xornás de Madri que chegaron a toda crás de calunias pra corrompere as oracións dos rexionalistas cataláns.

O diputado cuneiro por Ordenes — non estamos fixos do nome do distrito que di repersentar—, Alfonso Senra, pesi-a tere sido testigo presencial do mitin da Cruña, contradécíndose c'os telegramas dos corresponsás, dixo n'*El Imparcial* que non valera nada e que os oradores non chegaron a ent'en érense. Outro imbécil no *Heraldo de Madrid*—xornal que nin de balde quer leer xa ninguén—dixo que os rexionalistas cataláns pra atragur os vigueses mercaran moitas caixas de conservas.

En Madri inda siguen tendo por chinos aos provincianos. Con some llantes parvadas non s'aldraxa aos cataláns; aldráxase aos galegos.

Que seguimos sendo galegos pr'aos centralistas. Xa veremos quen es rien pol-a derradeira.

\*\*\*\*\*

### Peneirando...

O xornal d'ista cibdá *La Voz de Galicia* publicóu un artigo firmado por F, no que trataban d'enmendárelle a prana á conferencia económica do Sr. Cambó.

Temos enxerguido qu'o firmante F é por-

fesor d'un Centro docente da Cruña. ¡O qu'é como discorra nas aulas como discurreu no artigo: Probes alumnos!...



No número derradeiro decíamos qu'ante o soio anunzo da chegada dos catalans á nosa terra até os *Césares*—e non Augustos, conven recalcare isto—tremaban cheos de medo. Tivo lugare a chegada, e o medo convirteuse en paralizazón completa: os *Césares* xa non se moven, xa non treman, convertíronse n'espantallos, pro nin pra isto valen xa; ninguén lles ten medo, e tan soio sirven pra movere a risa. ¡Malpocados!

E conste qu'agora o medo non é porque Betanzos ardera, que non ardéu nin Deus o queira, pro podemos asegurare qu'a cibdá brigantiña está qu'arde e non ó acorde da lira dos *Césares*.



Picorete chamoulles ilustres amigos seus ós rexionalistas catalás.

Logo de dicire que son uns farsantes e uns separatistas.

Vaia unha concencia elástica a de Pico-rete.

Siguir sendo amigo de farsantes e anti-

patriotas, un tan grande patriota coma Picorete, é cousa que o non favorece miga. E que d-mostra que si viñesen o Sr. Cambó e compañeiros a sirvilo a él e a sofrire as suas presentacións, cambearía de disco.

Craro que iso da amizade e un dito valeiro. Porque os rexionalistas catalás xa dixeron na *Veu de Catalunya* quen é Picorete.



Un sabio grave, d'ises que temos na Cruña pr'ás ocasións, dixo querendo censurar a Cambó que en Galicia hai superavit de viños.

A nosa produción é d'un millón dous centos mil hectólitros.

E sendo eisé, correspóndenlle a cada galego 60 litros ó ano. E hai pobos do norte da provincia de Lugo onde casi non se sabe como é o viño galego.

Conque si esto non é deficit...

Tamén o mesmo sabio falóu da cerámica de Sargadelos. Que vaia il a montar de novo aquela industria que s'arruinóu verá o pelo que vota.

Todol-os comerciantes e industriás da Cruña son uns burros: soio é sabio o de marras.



Un probe rapaz de Lugo fixo un artigo n'un xornal—*El Progreso* d'aquela cidade—no que defende o caciquismo, no que di que o caciquismo foi e sigue sendo benéfico pr'ó pobo lugués.

Trátase do fillo d'un exgobernador monteirista, que aspira a faguer carreira política pol-o vello sistema.

¡Deica pra defendere os intreses creados hai que ter talento! E aquil rapaz demostra que en troque de miolos leva aserrin dentro do cráneo. Non hai un soio asno na provincia de Lugo que s'estrevera á poñer a sua firma ao pe d'un artigo tan servil e tan parvo.

Toniño xa verás como non rubes ó poleiro. Xa non se fai carreira lambéndolles os pes ós caciques no-xentos que teñen asoballada á nosa terra.

E si non ao tempo...

LIT. E IMP. ROEL.—CORUÑA.

## Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisé qu' n llo venda, fica en libertade de darlle calquer *sustituto* ou *imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuos efectos seran sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

*Pida, eisixa vosté sempre o*

## SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra  
asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na adeministración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, milliores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**BALDOMIR**

Pòrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles produtos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL**

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos milliores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO - VIGO**

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

—><—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA**

**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuicios e opiniós de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LINEA DE HABANA E VERACRUS**

|                                      |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira â Habana . . . . . | Ptas. 298'60 |
| » » Veracrús. . . . .                | » 313'60     |

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.